



*Juan González*  
**COMPROMISO  
CON NIGRÁN**



Estimado/a veciño/a,

Hai catro anos pedía a túa confianza para virar o rumbo do municipio e, entre todos, facer de Nigrán un lugar máis amigable para as persoas e do que sentímonos orgullosos. Grazas precisamente a ese apoio recibido fomos quen de gobernar e de sentar as bases dese 'Nigrán para todos' que sempre permanecerá como obxectivo. Somos conscientes de que aínda nos quedan moitas cousas por facer xuntos e por iso agora me dirixo novamente a ti, para que este proxecto non quede inacabado, xa que resulta evidente que Nigrán está en marcha e que o futuro xuntos é prometedor.

Como alcalde, este camiñar ao voso lado e formando parte dun equipo de goberno sólido e solvente e que permanece unido está sendo unha experiencia apaixonante que me encantaría continuar. Ao longo deste tempo penso que quedou máis que demostrado o compromiso absoluto das persoas que formamos este goberno con Nigrán, con cada un dos veciños e veciñas que somos parte deste municipio, e xuntos desexamos afrontar este ilusionante reto contando co teu apoio.

A nosa candidatura defende unha maneira de xestionar que arrancou no 2015 e está aquí co único interese de traballar polo benestar do noso pobo e sempre baixo as premisas de diálogo, transparencia, proximidade e participación. E por todo iso que o 26 de maio pido que, unha vez máis, te sumes a este proxecto que entende a política non como un xeito de gobernar para a maioría, se non para todos e para todas.

*Juan A. González*  
Alcalde socialista de Nigrán

1. CANDIDATURA SOCIALISTA 2019	<i>Páxina 4</i>	6. EDUCACIÓN, MIRANDO CARA O FUTURO	<i>Páxina 9</i>
2. UN GOBERNO PARTICIPATIVO, MODERNO E TRANSPARENTE	<i>Páxina 5</i>	7. DEPORTE, FACTOR DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL E COLECTIVO	<i>Páxina 9</i>
3. XERANDO ACTIVIDADE E EMPREGO: DÚAS PRIORIDADES	<i>Páxina 6</i>	8. PROMOVEDO A CULTURA E O PATRIMONIO	<i>Páxina 10</i>
4. URBANISMO E MEDIOAMBIENTE. UN MUNICIPIO QUE PROGRESA	<i>Páxina 7</i>	9. FIXEMOS GRANDES OBRAS DE CONCELLO	<i>Páxina 12</i>
5. UN NIGRÁN PARA AS PERSOAS. SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE	<i>Páxina 8</i>	10. FAREMOS GRANDES OBRAS E ACTUACIÓNS DE CONCELLO	<i>Páxina 14</i>



# 1. CANDIDATURA SOCIALISTA 2019



**1. Juan A. González Pérez**  
San Pedro. *Alcaldía e Deputado Provincial. Historiador.*



**2. Raquel Giráldez Armas**  
Panxón. *Actual Teniente de Alcalde. Concelleira de Economía, Facenda, Contratación e Emprego. Diplomada en C C Empresariais.*



**3. Diego García Moreira**  
Camos. *Actual Concelleiro de Urbanismo, Medio Ambiente, Mobilidade e Persoal. Avogado - Economista.*



**4. Rubén Rial Sánchez**  
Nigrán. *2º Teniente de Alcalde. Actual Concelleiro de Vías, Obras, Limpeza, Servizos Urbanos e Seguridade. Bombeiro do GES*



**5. Nuria Lorenzo López**  
Chandebrito. *Licenciada en música/ diplomada en maxisterio e directora coral.*



**6. José Luis Sanromán Román**  
Priegue. *Actual Concelleiro de Educación e Deportes. Xubilado.*



**7. Alfonso Vázquez Pérez**  
Parada. *Actual Concelleiro de Sanidade, Relacións Veciñais e Comercio. Xubilado.*



**8. Bibiana Peixoto Iglesias**  
San Pedro - Vilaríño. *Mestra.*



**9. Marina Vidal Lorenzo**  
Panxón. *Mestra.*



**10. Patricia Diego Travieso**  
San Pedro. *Profesional de Perruquería.*



**11. Cristina Dosil Valverde**  
Parada. *Empregada automoción.*



**12. María Mayán Areal**  
Priegue. *Auxiliar de enfermaría.*



**13. Ladislao Alonso Valverde**  
San Pedro. *Xubilado.*



**14. Mariluz Pérez Vidal**  
Camos. *Cociñeira.*



**15. José Fernández Rodríguez**  
Nigrán. *Xubilado.*



**16. Luciano Iglesias Costas**  
Chandebrito. *Xubilado.*



**17. Auri Brión Toucedo**  
Panxón. *Ordenanza.*



**18. Jesús Costas Grabín**  
Nigrán. *Xubilado.*



**19. Joaquina Barros Sanromán**  
Panxón. *Actual Secretaria de Alcaldía. Diplomada en Relaciones Laborales.*



**20. Rafael Castro de la Cruz**  
San Pedro. *Licenciado en Químicas.*

# 2. UN GOBERNO PARTICIPATIVO, MODERNO E TRANSPARENTE

No goberno de Nigrán levamos catro anos devolvendo á cidadanía a confianza nas institucións e nas persoas que as representan. Por iso, situamos a transparencia e a participación veciñal como eixo transversal da nosa acción política no municipio, e deste mesmo xeito continuaremos a partir de 2019.

- Seguiremos implantando os **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)** Axenda 2030.
- Continuaremos elaborando os **Orzamentos** en colaboración coas entidades veciñais, o que seguirá permitindo a implicación da veciñanza na toma de decisións respecto das prioridades de investimento municipal.
- Seguiremos implantando a **accesibilidade universal** dentro do programa “Un Nigrán para todos” que, coma nos últimos 4 anos, será un eixo fundamental do goberno.
- Continuaremos coa extensión da **fibra óptica** a todo o municipio.
- Continuaremos co servizo impulsado dende 2016 de **atención directa á cidadanía** a través dun **servizo propio e específico para atención e tramitación de queixas**, incidencias, problemas, promovendo novas canles de comunicación tecnolóxicos e accesibles.
- Continuaremos mellorando os **tempos de resposta** ás solicitudes e trámites.
- Seguiremos **xestionando economicamente** o Concello con responsabilidade.



### 3. XERANDO ACTIVIDADE E EMPREGO: DÚAS PRIORIDADES

O impulso do emprego será acción central do goberno socialista no 2019-2023, para elo, apostaremos decididamente pola formación e o emprendemento.

- Continuaremos potenciando o emprego e a formación e axudando aos emprendedores.
- Seguiremos promovendo actuacións específicas que permitan achegar ás persoas desempregadas ás demandas detectadas.
- Continuaremos a por en marcha programas de formación con prácticas en empresas para adecuar a demanda de emprego á oferta, con especial atención ás empresas que se asentan en Porto do Molle. Apostaremos polo parque como eixo do crecemento e da xeración de emprego.
- Seguiremos impulsando bolsas municipais de emprego. Crearemos a bolsa de traballo “O teu primeiro emprego”.
- Continuaremos e favoreceremos dende o Concello a incorporación das persoas con diversidade funcional e apoiaremos o emprego protexido.

### IMPULSANDO OS SECTORES PRODUTIVOS DENDE O GOBERNO: TURISMO E COMERCIO

O turismo e o comercio son unhas das actividades xeradoras de emprego e desenvolvemento económico do municipio.

Desenvolveremos proxectos con fin de reactivar a actividade económica de Nigrán.

- O turismo contribúe a preservar o patrimonio cultural e natural e potencia os intercambios culturais que forman parte da nosa identidade. Promoveremos un Plan Dinamizador do Turismo co fin de potenciar Nigrán como produto turístico durante todo o ano.
- Continuaremos con medidas que fomenten o turismo accesible como dereito de todas as persoas a acceder ao mesmo.
- Seguiremos desenvolvendo proxectos vinculados á contorna natural e cultural cunha aposta importante polo Parque Forestal Os Matos - Río Táboas, e poremos en marcha o proxecto doutro parque forestal no Lugar de Sanomedio (Chandebrito e Camos) en colaboración coas comunidades de montes.
- Seguiremos apostando polas rutas de sendeirismo e poremos en valor sendeiros e roteiros existentes que sirvan de espaxamento aos cidadáns e de imaxe do noso municipio.
- Continuaremos levando a cabo campañas para concienciar á poboación sobre a importancia do comercio local en colaboración con OVALMI.
- Seguiremos desenvolvendo accións para por valor a actividade mariñeira e do porto pesqueiro de Panxón.
- Apoiaremos aquelas actividades que potencien o rural e a súa economía.
- Seguiremos colaborando de forma activa coas Mancomunidades de Montes do municipio para por en valor os mesmos e convertelos nun atractivo turístico, medio ambiental, deportivo e económico de Nigrán.

### 4. URBANISMO E MEDIOAMBIENTE. UN MUNICIPIO QUE PROGRESA

Nigrán ten un patrimonio natural único e un litoral especialmente fermoso que debemos preservar e converter nun activo social e económico que garanta a nosa sostibilidade futura.

O goberno de Nigrán seguirá apostando por un modelo de desenvolvemento urbano baseado na sostibilidade e a racionalidade, a protección ambiental, o aproveitamento dos recursos, a xestión sostible dos residuos, a rexeneración das contornas degradadas e a rehabilitación dos espazos públicos.

- Aprobaremos de xeito definitivo o Plan de Ordenación Municipal (PXOM) baixo as premisas de transparencia, participación e consenso. Un Plan Xeral que beneficiará á cidadanía en xeral e que propón un crecemento de todas as parroquias.
- Aprobaremos definitivamente a Modificación Puntual das Normas Subsidiarias que nos permitirá facer un urbanismo máis moderno e adaptado a Lei do Solo de Galicia.
- Continuaremos humanizando Espazos Públicos nas parroquias para convertelos en puntos de encontro da cidadanía e os dotaremos de acceso a internet.
- Seguiremos pondo en valor o noso riquísimo patrimonio natural e cultural.
- Faremos da Protección Medioambiental unha prioridade. Apostaremos pola recuperación de espazos naturais, rutas de sendeirismo, complexos dunares ou canles fluviais...
- Completaremos a rede de saneamento e abastecemento de auga que iniciamos en 2015 en todo o municipio con especial atención ao remate do abastecemento nas parroquias de Camos e Parada.
- Desenvolveremos un plan de apoio e colaboración coas Comunidades de Augas entre tanto a rede de abastecemento non chega a todos os barrios.
- Continuaremos co plan de renovación e substitución a tecnoloxía LED para a redución de consumo enerxético e a mellora medio ambiental.
- Continuaremos instalando electrolíneas noutros puntos do municipio para apoiar o uso dos vehículos eléctricos e, polo tanto, aportar á desaceleración do cambio climático dende o local.
- Seguiremos mellorando os pasos de cebría implantando medidas de seguridade viaria e continuaremos co plan especial para dotar de marquesiñas as paradas de autobús.
- Seguiremos consolidando e pondo en valor as praias de Nigrán e o sistema dunar Lourido-Panxón para favorecer a retención dos areas.
- Continuaremos facendo do río Miñor e o seu esteiro o gran espazo natural do municipio e xerador de recursos económicos, turísticos, de ocio e deportivos.
- Co Parque Forestal Os Matos-Río Táboas levaremos a senda do río Muíños ata Camos e Chandebrito converténdoa no gran corredor ecolóxico que cruce o municipio, dotándoo de accesibilidade naqueles lugares que sexa posible facelo.
- Seguiremos traballando para dotar a Monte Lourido e Monteferro da protección medio ambiental necesaria para que continúen sendo o emblema natural de Nigrán.



- Seguiremos traballando para que no novo plan de Transporte autonómico se mellore a conexión coa Universidade de Vigo.
- Esforzaremos en implantar unha mobilidade sostible que permita mellorar a conexión de todas as parroquias de Nigrán coas zonas céntricas e cos centros de saúde.
- Crearemos espazos reservados para que os cans poidan estar soltos, sobre todo nas zonas urbanas.
- Seguiremos loitando contra a praga da vespa velutina, intensificando a eliminación de niños e repartindo trampas por parte do concello.
- Unha vez eliminados todos o vertedeiros incontrolados, con especial significación o da Gándara, seguiremos sendo inflexibles con calquera agresión ao noso medio ambiente.

## 5. UN NIGRÁN PARA AS PERSOAS. SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

Se algún compromiso temos os Socialistas é coas persoas. Situremos na axenda política e no centro das demandas dos cidadáns as políticas xeradoras de igualdade e benestar, que forman parte do máis valorado do noso patrimonio cívico e social.

Seguiremos apostando decididamente pola atención social, o emprego, a educación, os servizos de atención ás persoas dependentes ou os servizos de conciliación.

“Un Nigrán para todos” seguirá sendo o noso obxectivo e marcará as liñas de actuación do período 2019-2023.

- Continuaremos aumentando as partidas destinadas a investimento social e garantiremos os servizos mínimos a todos os cidadáns con dependencia.
- Seguiremos revisando impostos e taxas co fin de axustalos no posible e que non supoñan unha grave carga ás economías familiares.
- Continuaremos habilitando vivendas para dar resposta a necesidades urxentes de familias ou persoas que se vexan desafiuzadas ou sen vivenda por causa maior.
- Apostaremos pola conciliación da vida familiar e laboral, con medidas tales como a posta en marcha dunha Ludoteca Municipal e campamentos ou actividades complementarias para axudar na conciliación das familias.
- Conseguiremos definitivamente o vello Centro de Saúde de Panxón para o patrimonio municipal e o converteremos nun Centro de Día para Maiores.
- Crearemos un Centro de Ocio para Maiores nas antigas Escolas e Casas de Mestres de Nigrán.
- Xestionaremos a construción dunha Residencia para Maiores en terreos do concello.
- Bonificaremos a carga impositiva daquelas familias e persoas que o precisen.
- Seguiremos reforzando e ampliando o Centro municipal para persoas con enfermidades neurodexenerativas tipo Alzheimer.
- Reforzaremos e ampliaremos o servizo de bicicletas adaptadas para persoas con mobilidade reducida.
- Continuaremos co Programa de Canguros co obxectivo de facilitar a integración social e laboral daquelas persoas que máis o precisan
- Despois de 4 anos presidindo o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e 2 anos a Confederación Española de Fondos, continuaremos apostando por facer Cooperación Internacional dende o local.
- Reforzaremos e ampliaremos o servizo de Axuda a Domicilio dotándoo de máis persoal e medios.
- Continuaremos co Programa de Turismo Social para os nosos maiores.

## 6. EDUCACIÓN, MIRANDO CARA O FUTURO

- Continuaremos apoiando os centros educativos públicos coas accións de mellora necesarias para que desenvolvan a súa labor nas mellores condicións posibles, e colaboraremos coas ANPAS nas súas actividades.
- Seguiremos aumentando o investimento en Centros de Educación Públicos. Nestes últimos anos triplicamos este investimento.
- Seguiremos mellorando os accesos aos Centros Educativos Públicos co obxectivo de garantir a maior seguridade á entrada e saída dos mesmos.
- Seguiremos promovendo programas de reforzo escolar para familias con escasos recursos.
- Traballaremos para dar estabilidade aos conserxes dos colexios.

## 7. DEPORTE, FACTOR DE DESENVOLVEMENTO PERSOAL E COLECTIVO

O deporte é, sen dúbida, un elemento de desenvolvemento persoal, de xeración de saúde e benestar, e un factor que aporta saúde física e mental.

- Continuaremos colaborando de forma activa con todas aquelas entidades que desenvolvan en Nigrán ou dende Nigrán a súa actividade deportiva, sobre todo de deporte base.
- Poremos en marcha programas deportivos en centros educativos.
- Promoveremos o espazo deportivo municipal en Porto do Molle, así como novos espazos deportivos nas parroquias de Nigrán.
- Apoiaremos a deportistas e equipos que compitan na elite levando o nome de Nigrán fora do noso municipio e que precisen de apoio para desenvolver a súa actividade.
- Seguiremos apoiando e mellorando as escolas deportivas municipais con máis actividades e medios, como se leva facendo dende 2015.
- Remataremos a rehabilitación do pavillón de Panxón co cambio de superficie de xogo.
- Remataremos as pistas de deportes de Porto do Molle coa construción de vestiarios e ximnasio.
- Os deportes acuáticos e de natureza como marca de calidade de Nigrán. Crearemos un selo específico que relacione Nigrán coas actividades acuáticas.



## 8. PROMOVENDO A CULTURA E O PATRIMONIO

A cultura é unha ferramenta fundamental para o desenvolvemento das sociedades que progresan libres, democráticas e participativas.

A defensa e a recuperación do patrimonio histórico e da cultura forman parte dos nosos compromisos.

- Promoveremos a participación activa nas manifestacións culturais, achegando as creacións ao conxunto da cidadanía, impulsando os equipamentos e servizos culturais e utilizando os grandes equipamentos para xerar novas manifestacións en todas as áreas creativas
- Continuaremos apostando de xeito decidido pola Cultura a través de actividades durante todo o ano pondo en valor o Auditorio Municipal como espazo cultural, de encontro e ensaio, das diferentes artes escénicas, todo elo de xeito coordinado e coa máxima colaboración coas entidades socio culturais que xa traballan no municipio.
- Faremos da nova Biblioteca Municipal o gran centro do libro, ampliando horarios e dotándoa de todos os servizos necesarios.
- Crearemos a Escola Municipal de Música ocupando o edificio da actual Biblioteca Municipal.
- Traballaremos para construír un novo Auditorio con máis capacidade do actual e que se convertirá nun referente cultural.
- Seguiremos pondo en valor e recuperando o noso patrimonio arqueolóxico e cultural.
- Continuaremos apoiando e organizando festivais como Nigránjazz, Solpor Monteferro, Vive Nigrán, ChandeFolk, Rilla na Rúa ou Rock ´n Patos.
- Seguiremos apoiando aos colectivos culturais e veciñais na organización de eventos como a 'Semana Cultural de Carrasca', 'Baixada Carros de bolas' en Camos, 'Andaina do Terror', 'Concerto de Habaneras', 'Semana do Teatro e Cultural de Priegue', 'Semana Cultural de Parada e Camos', 'Flota como poidas' ...



- Continuaremos facendo da Festa de San Fiz ese gran encontro festivo de toda a veciñanza de Nigrán co seu Patrón.
- Seguiremos apostando, dinamizando, e fortalecendo o Camiño Portugués pola Costa como unha ferramenta única para dar a coñecer o municipio, desestacionalizar o turismo e por en valor a nosa cultura.
- Remataremos as escavacións no Castro de Chandebrito para convertelo no gran museo ao aire libre de Nigrán.
- Executaremos un gran proxecto de posta en valor do Arco Visigótico de Panxón. Incluindo a escavación arqueolóxica da súa contorna.



## 9. FIXEMOS GRANDES OBRAS DE CONCELLO

Durante estes 4 anos de goberno, destacamos as seguintes accións entre outras moitas que tamén foron realizadas:

- Estamos a construír a nova biblioteca municipal.
- Está en marcha a gran zona deportiva e de ocio de Porto do Molle unida á actuación de recuperación integral do río Muíños.
- Iniciamos a creación do primeiro Parque Forestal do Val Miñor.
- Xestionamos a chegada da fibra óptica ao 90% do municipio, que completárase ao longo deste ano.
- Facilitamos o desenvolvemento do Polígono Terciario de Porto do Molle, axilizando a implantación de novas empresas para que sexa o gran referente de emprego, I+D e progreso limpo e ordenado de todo o Val Miñor.
- Levamos auga potable pública a Parada e Camos.
- Recuperamos 5 espazos públicos abandonados e creamos novos parques públicos.
- Realizamos importantes investimentos nos colexios: Comedor e cambio de pavimento das aulas de infantil do Carlos Casares (Vilariño), Comedor e reforma de vestiarios de Mallón, axardinamento de A Cruz (Camos), nova pista e novo pavimento especial para ximnasia acrobática no Humberto Juanes, cambio de pavimento e reforma Colexio Infantil Dunas, reforma integral do tellado da Escola Infantil A Galiña Azul. Renovación de todas as instalacións eléctricas para maior seguridade.
- Estamos rematando de construír a Área de Autocaravanas.
- Rehabilitación integral da antiga vivenda de mestres de Camos e cesión ao Colexio Juan María, co que se ampliou o convenio de colaboración ao ser este centro un referente no Val Miñor.
- Reformamos integralmente o Pavillón Municipal de Panxón.
- Estamos levando a cabo un gran proxecto de redución de verquidos ao Río Muíños.
- Eliminamos os vertedoiros ilegais en todo o municipio con especial fincapé no da Gándara.
- Construímos 4 novos parques infantís, restauramos integralmente 19 parques e melloramos 8 con novos elementos.
- Dotamos con equipamentos biosaudables as seguintes zonas: Cruceiro de Navás, Torreiro de Priegue, Prado, Torreiro de Camos e Torreiro de Chandebrito.
- Instalamos 16 novas marquesiñas e realizamos por primeira vez un mantemento continuo por rotura de cristais, substituíndoos en zonas problemáticas por policarbonato antivandálico.
- Melloramos as instalacións de alumado público mediante renovación de instalacións de protección, substitución de báculos en mal estado e cambio a LED de 500 puntos de luz.
- Reparamos integralmente os valos protectores do ecosistema dunar, suprimimos as duchas de pago e instalamos duchas e lavapés en novas ubicacións.
- Levamos a cabo obras de saneamento para pequenos núcleos executadas por persoal municipal.
- Pavimentamos multitude de cesións a dominio público e de camiños rurais.
- Realizamos obras de conservación en lavadoiros e fontes.
- Somos o primeiro concello da provincia en instalar un punto de carga para vehículos eléctricos, e somos o único do Val Miñor cun vehículo eléctrico no parque móbil.
- Levamos a cabo o mantemento continuo e mellora da sinalización viaria, tanto vertical coma horizontal.
- Melloramos o axardinamento de espazos públicos.

- Melloramos os equipamentos deportivos con gaiolas de adestramento, colchón para ximnasia acrobática, canastras no pavillón, bancadas, dotamos de enerxía solar e novos marcadores nos campos de Condomínguez e Vilariño ou instalamos marquesiñas para surf.
- Melloramos e ampliamos as Escolas Deportivas Municipais, as Escolas Culturais e de maiores.
- Renovamos o pavimento asfáltico de máis de 60 viáis que atopábanse en mal estado. Realizando unha gran inversión despois de anos de abandono.

### NIGRÁN, UN CONCELLO MÁIS SEGURO E ACCESIBLE

- Fixemos de "Un Nigrán para todos" o noso gran referente e acadamos un Nigrán máis accesible.
- Melloramos a seguridade dos accesos a Porto do Molle das rúas Gándara e Ponte Muíña.
- Reformamos a planta baixa da Casa do Concello dotándoa de accesibilidade universal.
- Adquirimos para por a disposición das persoas con diversidade funcional bicicletas adaptadas.
- Avanzouse na accesibilidade universal do concello coa supresión de barreiras arquitectónicas nas beiravías, semáforos con avisadores sonoros de activación bluetooth, e 500 novos metros de varandas e pasamáns en escaleiras e espazos públicos con perigo de caída.
- Melloramos as infraestruturas das praias con novos baños adaptados, torretas de vixilancia, material de baño adaptado, mellora dos accesos e dotación de táboas de rescate nos postos de socorrismo.
- Instaláronse multitude de bancos por todo o concello para facilitar os desprazamentos dos nosos maiores, ofrecéndolles lugares de descanso durante os mesmos.
- Nigrán, concello cardioprotexido. Somos pioneiros en Galicia en dotar aos espazos públicos municipais, centros deportivos, colexios, postos de socorrismo, casa do concello e patrullas da Policía local cun total de 19 desfibriladores e formando a máis de 70 persoas no seu uso.
- Instalamos 12 novos puntos de carga de auga para vehículos contra incendios repartidos polo municipio, incidindo nas zonas rurais onde non había posibilidade de encher un camión de bombeiros.
- Melloramos a seguridade viaria coa instalación de redutores de velocidade e pasos de peóns sobreelevados, reforzando tamén a iluminación destes en zonas de gran sinistralidade. Por outra banda, tamén se mellorou a regulación semaforica dos cruces para facelos máis seguros.
- Melloramos o equipamento da Policía Local para que esta poida darlle un mellor servizo á cidadanía: renovación do parque móbil (vehículo de atestados, vehículo patrulla, vehículo todoterreo e 2 motos). Chalecos antibalas individuais para todos os axentes, dotación de desfibriladores en vehículos patrulla.
- Continuaremos traballando na Mancomunidade do Val Miñor pola consolidación e a mellora dos medios materiais e de persoal do GES.





## 10. FAREMOS GRANDES OBRAS E ACTUACIÓNS DE CONCELLO

Continuaremos facendo dun "Nigrán para todos" o eixo transversal de todas as nosas políticas e traballaremos para conseguir cumprir os '17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible', contribuíndo dende o local ao desenvolvemento sostible mundial.

- Continuaremos estendendo a **rede de abastecemento e saneamento** a todo o municipio.
- Continuaremos coa pavimentación de rúas en mal estado.
- Continuaremos coa mellora do axardinamento e recuperando espazos públicos.
- Continuaremos investindo nos **Centros Educativos Públicos**.
- Continuaremos colaborando con todas as entidades de iniciativa social, cultural ou deportivo.
- Recuperaremos máis vivendas de mestres en desuso para darlles un fin social.
- Continuaremos coa mellora e accesibilidade dos parques infantís incorporando novos elementos.
- Negociaremos cos propietarios a cesión ou aluguer de parcelas para crear novas **zonas de aparcamento gratuítas**.

Xa durante estes 4 anos estivemos a traballar nese futuro que queremos para Nigrán, iniciando a tramitación de moitos proxectos que se converterán nunha realidade nos vindeiros anos:

- Rehabilitación integral de lavadoiros.
- Pavimentación de viais.
- Mellora do pavimento do Polideportivo de Panxón.
- Vestiarios na futura pista de atletismo de Porto do Molle.
- Posta en valor da praza xunto a futura nova Biblioteca de Nigrán.
- Reforma de vestiarios e gradas dos campos de fútbol municipais de Condomínguez e Vilariño.
- Novo campo del fútbol 7 no Centro Cultural de Camos.
- Pavimentación do novo Torreiro xunto ao cemiterio de Parada.
- Creación de pistas deportivas cubertas no centro de Nigrán e nas pistas de Gaifar.
- Construción do Centro de Ocio para Maiores no centro de Nigrán.
- Construción dun novo Auditorio Municipal.
- Creación dun espazo Socio-Cultural en Vilariño.
- Creación dun novo Parque Forestal en Sanomedio.
- Instalación de videovixilancia nos centros escolares.
- Renovación integral da sinalización turística, comercial e de espazos públicos unificando e mellorando a variedade de sinalización existente.
- Humanización de rúas, segunda fase rúa do Mariñeiro, Otero Pedraio, Manuel Lemos...
- Humanización da Praza da Constitución, construíndo na mesma un aparcamento soterrado público e gratuío.







**f /PSdeGNigran**